

EXERCICIOS REPASO TEMA ÉTICA

1. Responde de xeito breve as seguintes cuestión:

- a) Cal é a diferenza entre ética e moral?
- b) Por que dicimos que o ser humano é esencialmente e inevitablemente un ser moral?
- c) Que relación existe entre a liberdade e a responsabilidade?
- d) A que nos referimos cando falamos de autonomía e heteronomía moral?
- e) Cal é a principal diferenza das normas morais respecto a outros tipos de normas (xurídicas, sociais, relixiosas)?

2. Seguindo a táboa de clasificación das diferentes teorías éticas di a cal teoría pertence as seguintes afirmacións:

- a) O valor moral dunha acción está determinada pola finalidade de dita acción, sendo boa se logramos o fin desexado e mala no caso contrario.
- b) Existen valores morais universalmente válidos.
- c) O que nos permite discernir se unha acción é boa ou mala son os afectos, as emocións ou sentimentos.
- d) Para asegurar a convivencia en comunidade teñen que existir unha serie de valores morais mínimos.
- e) Os valores éticos dependen de cada cultura, civilización, grupo social ou momento histórico determinado.
- f) O valor moral dunha acción ven determinan apola forma da norma moral e a intención da acción, non polas consecuencias da mesma.
- g) A facultade que nos permite saber cal é unha boa ou mala acción é a razón.

3. Responde as seguintes cuestións tipo test, pode haber algunha resposta multiple

- 1) Cal das seguintes non é unha característica das éticas materiais ou da felicidade
 - a) Están formadas por normas dirixidas a consecución dun fin supremo ou ulterior
 - b) As súas normas poden ser necesarias e universais
 - c) Son éticas relativistas.
 - d) O fin ulterior é a felicidade entendida de distintos xeitos.

- 2) Cal dos seguintes filósofos entendía a felicidade como autarquía?
- a) Epicuro
 - b) Tomé de Aquino
 - c) Jonh Stuart Mill
 - d) Aristóteles
- 3) O hedonismo epicureista considera a felicidade?
- a) Aceptación do destino
 - b) Pracer sensual
 - c) Pracer como ausencia de dor.
 - d) Vida eterna
- 4) Cal dos seguintes praceres eran natuais e necesarios para Epicuro?
- a) A riqueza material como cartos e o luxo
 - b) A compañía dos amigos
 - c) Comer bos manxares
 - d) Saciar a fame e a sede con comidas sinxelas.
- 5) Que é a ataraxia no sentido estoico?
- a) Unha imperturbabilidade da alma por negación dos desexos
 - b) Unha imperturbabilidade da alma pola aceptación da determinación de toda a realidade
 - c) Unha imperturbabilidade da alma similar ao nirvana dos budistas
 - d) Todas as respostas son verdadeiras.
- 6) Cal emperador romano foi un discípulo da escola estoica?
- a) Tiberio Claudio
 - b) Julio César
 - c) Marco Aurelio
 - d) Nerón
- 7) Cal é o postulado da ética utilitarista?
- a) O maior número de felicidade para o menor número de xente
 - b) O menor grao de felicidade para o maior número de xente
 - c) O maior grao de felicidade para o maior número de xente
 - d) O bo é o útil.
- 8) Para Kant os postulados da autentica ética teñen a forma de...
- a) Imperativo categórico
 - b) Imperativo hipotético
 - c) Mandato
 - d) Xuizo

- 9) Segundo Habermas as éticas discursivas deben cumprir...
- a) A igualdade de dereitos e oportunidade para participar na discusión a todos aqueles afectados pola norma
 - b) Os interlocutores do discurso non poden estar baixo coacción e debe haber vontade de entendemento
 - c) Deben estar sometidas a revisións e posibles cambios
 - d) Todas son verdadeiras.

4. Responde brevemente as seguintes cuestións.

- a) Cal é a formulación máis coñecida do imperativo categórico de Kant?
- b) Se a vontade é unha facultade volitiva (que nos impulsa polo querer), cal é para Kant a boa vontade?
- c) En que consiste o velo da ignorancia do que fala Rawls?
- d) Cales son os sentimentos que segundo o Emotivismo de Hume funcionan como criterio para saber o valor moral dunha acción?
- e) Como se coñece á ética proposta por Adela Cortina?
- f) Que se entende por ética aplicada?

5. Di que campo da ética aplicada pertencen as seguintes cuestións:

- a) A clonación
- b) O efecto invernadoiro
- c) Código deontolóxico médico
- d) A manipulación xenética de embrións humanos con fins terapéuticos
- e) Os protocolos de protección de datos nas redes virtuais
- f) O ciberacoso
- g) O tráfico de influencias e malversación de fondo públicos